

PRONOME PERSOAL

Desde un punto de vista **semántico**, os pronomes persoais son unha clase de palabras que sinalan as tres persoas gramaticais:

1º persoa: eu

2º persoa: ti (o oínte)

3º persoa: el/ela (aquel ou aquilo do que se fala)

Son formas **variables**, pois teñen flexión de xénero, número e persoa.

Desde un punto de vista sintáctico, os pronomes **substitúen a substantivos ou frases nominais** e desempeñan as mesmas funcións ca un substantivo.

A avoa chegará mañá – Ela chegará mañá

CLASIFICACIÓN DOS PRONOMES

Segundo a función que desempeñen, os pronomes poden ser:

PRONOMES TÓNICOS	Formas rectas	Desempeñan a función de suxeito ou atributo	<i>Ti cantas moi ben</i>
	Formas oblicuas	Vas precedidos de preposicións ou das conxuncións comparativas <i>ca</i> e <i>coma</i> .	<i>Irei con el</i> <i>Isto é para ti</i> <i>Feito por min</i> <i>Ana é tan alta coma ti</i>
PRONOMES ÁTONOS	Desempeñan a función de complemento directo		<i>Vinte na praia</i>
	Realizan a función de complemento indirecto		<i>Conteiche a verdade</i>

FORMAS TÓNICAS

NÚMERO	PERSONA	FORMAS RECTAS (SEN PREPOSICIÓN)	FORMAS OBLICUAS (CON PREPOSICIÓN)	
			FORMAS LIBRES	FORMAS LIGADAS
SINGULAR	1ª	Eu	Min	comigo
	2ª	Ti	Ti	contigo
	3ª	El/Ela	Si, el, ela	Consigo
PLURAL	1ª	Nós(nosoutros/as)	Nós	Connosco
	2ª	Vós (vosoutros/as)	Vós	Convosco
	3ª	Eles/elas	Si, eles, elas	Consigo

FORMAS ÁTONAS

NÚMERO	PERSOA	CD	CI
SINGULAR	1ª	Me	
	2ª	Te	Che
	3ª	O,a / lo, la / no, na	Lle
PLURAL	1ª	Nos	
	2ª	Vos	
	3ª	Os, as / los, las/ nos, nas.	Lles

Para o CD de 3º persoa hai tres formas distintas:

Lo, la, los, las utilízámolas cando o pronome vai despois dun verbo ou dun pronome rematados en -r ou -s: *o libro vou compralo mañá.*

No, na, nos, nas cando vai despois dun verbo rematado en ditongo: *O libro comprareino mañá.*

O, a, os, as no demais casos: *o libro cómproo mañá.*

Se dubidas de cal é o pronome de 2º persoa que temos que empregar (te/che), podemos realizar unhas destas probas:

- a) Pasar a oración a 3º persoa (a el/a ela).
- b) Tratar ao interlocutor como vostede

EXEMPLO: Vin <a ti> na rúa

Vinte? Vinche?

- a) Vin a ela na rúa – Vina
- b) Vin a vostede na rúa – Vino

O emprego dos pronomes o/a confirman que se trata dun CD, polo tanto, o CORRECTO É O USO DE TE: **VINTE NA RÚA.**

EXEMPLO: Dei <a ti> un libro

Deite? Deiche?

- a) Dei a ela un libro: deille
- b) Dei a vostede un libro: Deille

O EMPREGO DOS PRONOMES LLE CONFIRMAN QUE SE TRATA DUN CI, POLO TANTO, O CORRECTO É O USO DE CHE: **DEICHE UN LIBRO.**

CONTRACCIÓNS DE PRONOMES

Cando coinciden xuntos un pronome de CD e outro de CI fórmase as seguintes contraccións:

	O	A	Os	As
Me	Mo	Ma	Mos	Mas
Che	Cho	Cha	Chos	Chas
Lle	Llo	Lla	Llos	Llas
Nos	Nolo	Nola	Nolos	Nolas
Vos	Volo	Vola	Volos	Volas
Lles	Llelo	Llela	Llelos	Llelas

COLOCACIÓN DO PRONOME

Como regra xeral, os pronomes átonos vas despois do verbo e ligados a el: *Díllelo, saudoume.*

Porén, colócanse antes do verbo nos seguintes casos:

- En **oracións negativas** introducidas por unha **partícula negativa** (nunca, non, xamais...): *ninguén me viu. Eu non o fixen.*
- En oración **interrogativas, exclamativas ou desiderativas** iniciadas por un adverbio ou pronome: *Que lle fas? Quen cho dixo!*
- En **oracións subordinadas**: coa conxunción que, como, cando, onde: *Ela díxome que te viu onte.*
- Cando o verbo vai precedido **dalgúns adverbios** (xa, axiña, aínda, mesmo, sempre, tamén, acaso, ata, seica, ben...): *Eu tamén o vin.*

Cando vai precedido **dalgúns indefinidos** (ninguén, nada, ningún/ningunha, alguén, algo, ambos/as, bastante, calquera, mesmo, todo, todos/as): *Ninguén me dixo a verdade.*

EXERCICIOS:

1. Identifica os pronomes persoais deste texto e clasifícaaos en tónicos ou átonos:

—Dáme un segundo —díxolle a monitora ao condutor—, non abras aínda a porta. Só un segundo. O chofer botoulle unha ollada compasiva mentres ela lle daba unha mensaxe con suavidade ás tempas.

Fóra, todos agardaban excitados o momento de subiren, cargados coas mochilas e as maletas, acompañados das familias que se achegaran a despedilos á explanada do instituto. En canto a porta abrise remataría a paz. —Cansa? —preguntou el. —Un pouco. Os nenos déronme a roncha todo o día e agora, por riba, a noite enteira de viaxe. —Pois eses —sinalou ao exterior— non creo que che deixen durmir nin un momento.

Manuel Núñez Singala: «A excursión». En
Instrucións para tomar café, ed. Galaxia.

2. Cambia os CD polos pronomes que correspondan en cada oración:

- a. Fixen unha empanada de zamburiñas.
- b. Comprei uns discos.
- c. Abres a porta da aula.
- d. Atoparon unhas moedas.
- e. Escoitamos atentamente as túas palabras.
- f. Chamei a miña nai por teléfono.

3. Substitúe os CI polos pronomes adecuados:

- a. Dixen a ti un segredo.
- b. Conta a verdade a teu irmán.
- c. Regalaron a Lola un disco.
- d. Dá aos avós as grazas.
- e. Explica o tema aos compañeiros.
- f. Enviarei a vós unha mensaxe.
- g. Entregarei a ti un agasallo.
- h. Prepararon a nós a merenda.

4. Introduce nos ocos os pronomes te ou che:

- a) Onte vin... na piscina
- b) Chamei... por teléfono
- c) Contei.... este conto moitas veces
- d) Non fixo caso.
- e) Escoitei... atentamente

- f) Esperei... pero non chegaches
- g) Mande... unha mensaxe

5. Substitúe os CD e CI polas contraccións pronominais que correspondan, coma no exemplo:

- a. Dei a noticia a miña irmá – Deilla.
- b. O escritor presentou a novela aos lectores.
- c. O avó conta un conto ao neto.
- d. Deron unha sorpresa a vós.
- e. Entregarei os exercicios á profesora.
- f. Conte a noticia a André e a Aldara.
- g. Deixei o meu dicionario a ti.
- h. Emprestarei a miña bici a Lois.
- i. Direi a elas o que penso.
- j. Enviamos un correo electrónico a Noa.

6. Coloca no lugar adecuado o pronome átono que se indica entre paréntese:

- a. – Quen ... dixo... a solución do problema? (che)
- b. – Non ... dixer... nada. (che)
- c. – Quero que ...digas... o que sucedeu. (me)
- d. – Traio o libro que ... pediches... . (me)
- e. – Sempre ... atopo... na piscina. (te)
- f. – Ninguén ... oíu... chegar. (te)
- g. – ... pedín... ese libro na biblioteca. (lle)
- h. – Xa ... expliquei... o contido. (che)
- i. – Sabes ben que todos ... esperamos... . (te)
- j. – Nunca ... escoito... cando chega. (o)

